

**ACTA DO XURADO
DESIGNADO PARA A XXI EDICIÓN DO PREMIO DE POESÍA
"AVELINA VALLADARES"**

Lugar: sala de xuntas da casa do concello

Data: 19.09.2017

Hora de comezo: 11.00h

Hora de fin: 12.10h

ASISTENTES

Dona Guadalupe Porto Gañete
Dona Clara Isabel Iglesias Cortizo
Dona Rosalía Morlán Vieites
Don David Otero Fernández
Dona Dolores Araújo Arias, secretaria

ORDE DO DÍA

1. Escolla do poemario gañador da XXI edición do Premio de Poesía Avelina Valladares.

ACORDOS

1. Unha vez lidos os orixinais presentados, selecciona por unanimidade, como **gañadora do XXI Premio de Poesía Avelina Valladares**, o presentado baixo o lema "**AS IDADES PERDIDAS (Scripta manent)**" que unha vez aberta a plica resultou ser da autoría de **Dna M.^a Carmen Caramés Gorgal**, no que o xurado destacou que se trata dun poemario de conxunto unitario de momentos e reflexións de feitos no decorrer dos tempos mentres derredor contextualízase o esencial. Nese percorrido e tempos danse as conquistas no que pensamos e así avanzamos, imos, pulsamos e no medio, do que facemos, o asombro. Mesmo a poeta nos seus versos salienta o consentimento de escoitar os silencios. Eses que nos chaman polos nomes amando e así adiamos as preguntas. Os poemas son como pasos de marchas esperanzada areferentes de desexos e así nesa inocencia que sabe dicir, as mans fanse xenerosas, as palabras doces, determinadas e cheas de poesía. Nesa xenerosidade a autora, mantén a confianza asemade; como aves migratorias, os días transitan. A dor fica durminte e por veces derrotada. Nesa acuarela imposible as lectoras e lectores sostemos o futuro na pluralidade da lectura que todos construímos. Como nos medraron as bolboretas de xiz! -exclamamos.

2. Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Os/as asistentes